



BASES PROMOCIÓN APP-FESTA "PRIMA 23"

4 5 6
MAIO

CONVOCATORIA

- O período da campaña comprende os días 4, 5 e 6 de maio de 2023, coincidindo coa celebración da festa do comercio local que impulsa o Concello de Santiago.
- Santiago Centro sorteará 35 bonos agasallo de 30€ cada un, en forma de saldo na App, entre as persoas que realicen compras por un importe mínimo de 10€ entre as datas citadas, rexistrando esa compra a través da aplicación "Santiago Centro Vip" nos establecementos adheridos.
- O sorteo será realizado a través da app "Santiago Centro Vip" o día 8 de maio de 2023.
- As persoas gañadoras daranse a coñecer na propia aplicación e a través das redes sociais de Santiago Centro.

REQUISITOS

- Para participar, os clientes deberán estar dados de alta na App "Santiago Centro Vip" (dispoñible en Android e iOS) e identificarse no establecemento adherido á aplicación no momento de efectuar a compra ou compras.
- Entrarán no sorteo as persoas que realicen algunha compra por un valor mínimo de 10€ no período sinalado anteriormente.
- O sorteo farase por compras realizadas, de xeito que os usuarios terán tantas oportunidades de obter premio no sorteo como número de compras realicen.
- O saldo de regalo será canxeable a partir do 9 de maio e 2023 nos comercios adheridos á aplicación. O período de canxe será entre o 9 de maio e o 9 de xuño do 2023.
- A partir do 10 de xuño de 2023, o saldo obtido con esta promoción e non utilizado desaparecerá das contas dos usuarios.

INCIDENCIAS

As posibles incidencias sobre o canxe do saldo pódense comunicar a Santiago Centro no correo info@santiagocentro.gal

Santiago Centro Vip